

ACTA

En Arzúa, a 25 de maio de 2017

Sendo as 10.30 horas, reunense no Salón de Comisións da Casa do Concello, os seguintes membros integrantes da Comisión Seleccionadora que valorará os méritos que foron alegados e xustificadas polos aspirantes que resultaron admitidos no proceso de selección -mediante concurso- para a **provisión temporal de catro peóns de servizos varios**, para a realización dun Programa de Integración Laboral, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais, financiado pola Deputación Provincial de A Coruña; e iso, por un período de seis meses, cunha xornada de traballo de vinte e cinco horas semanais; sendo acordada esta contratación por decreto do alcalde de data 10 de abril de 2017, a través de cuxo decreto se aprobaron tamén as bases que rexirán o proceso de selección.

Asisten a esta reunión os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

Presidente: AnaVallo Camba (*Axente de emprego e desenvolvemento local do concello de Boimorto*).

Vogais:

- Ramón Vereá Castelo (*Encargado de mantemento dos servizos municipais*).

- Jesús Rúa Taboada (*Condutor e operario de servizos varios do concello de Arzúa*).

Secretario: Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-- a presidenta procedeu a declarar constituída dita Comisión Seleccionadora, dispoñendo que se proceda a efectuar a valoración de méritos acreditados polos aspirantes interesados en desempeñar os referidos postos de traballo, tendo en conta para iso os documentos acreditativos aportados xunto coa respectiva instancia, para ser valorados de conformidade co Baremo de méritos aprobado que figura recollido como Anexo I das Bases que rixen o proceso de selección.

Deseguido a presidenta dispuxo que se procedese a realizar as comprobacións necesarias, á vista dos documentos aportados por cada aspirante.

Outorgándose -por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora- as seguintes puntuacións.

Nome e apelidos		Baremo de méritos				TOTAL
		Programas formación e integración no mundo laboral organizados polas Admons Públicas	Experiencia profesional	Cursos formativos	Permiso conducir clase B	
1	José Ramón Carril Carril	9	3	0,25	1	13,25
2	Asunción Crego Alario	3	3	0	1	7
3	Javier López Nieto	0	0	0	1	1
4	Ana Belen Freire Quintás	0	0,75	0	1	1,75
5	José López Nieto	0	3	0	0	3
6	Sergio Pardo Jorge	1	3	0	1	5
7	Luis López Sanchez	3	0	0	1	4
8	David Rodríguez Sánchez	9	2,25	0,50	1	12,75
9	M. ^a Sonia Rodríguez Camba	6	1,75	0	1	8,75
10	Lopes Alberto Manuel	3	1,75	0	1	5,75
11	José Angel Rey Rivadulla	9	3	0	1	13
12	Manuel Fernando Pampin Fente	3	1,25	0	1	5,25
13	Alejandro Pérez Vázquez	0	0	0	1	1
14	Salome Gómez Rama	3	3	0	1	7
15	Javier Montero Vázquez	6	0	1	1	8
16	Juan Sebastian Rodríguez Busto	0	0	0	1	1
17	Jesús Sesar García	0	0	0	1	1
18	José Manuel Iglesias Pampín	0	0	0,25	1	1,25
19	José Luis Vázquez Astray	3	3	0	1	7
20	Antonio Enjamio Blanco	0	0	0,75	1	1,75
21	Ana Isabel Iglesias Pampin	0	0	0	1	1
22	José Mato Martínez	0	0	0,75	0	0,75
23	José Veiga Villar	0	0	0,10	1	1,10
24	Miguel Angel Meijide Cesar	3	3	1,35	1	8,35

Tras todo o exposto, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos catro membros asistentes- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron outorgadas para os vinte e catro aspirantes, en base á documentación que aportaron coas súas respectivas solicitudes.

Segundo.- Convocar aos aspirantes, para que comparezan no Salón de Comisións da Casa do Concello, o vindeiro **mércoles, día 31 de maio**, co obxecto de realizar as **entrevistas** a que se refire a base 10ª das que rixen este proceso de selección, que serán valoradas cunha puntuación de ata 4 puntos como máximo; e concretar que esas entrevistas se iniciarán **a partir das 10.00 horas** de dito día, seguindo para iso o mesmo orde que o da presentación de instancias no Rexistro Xeral do Concello, polo que sería moi difícil de determinar a que hora concreta lle corresponde actuar a cada aspirante.

Terceiro.- Publicar unha copia da presente acta no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, para dar a coñecer aos aspirantes admitidos neste proceso de selección cal foi o resultado a primeira fase do concurso convocado.

Co cal douse por rematado o acto, as 14.00 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita por todos os membros da Comisión Seleccionadora, e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.